



## NOS CINCO PRIMEIROS MESES DE 2024, O NÚMERO DE DOANTES DE ÓRGANOS NO CHUVI SUBE CON RESPECTO AO MESMO PERÍODO DO 2023

De seguir esta progresión, espérase superar os datos de 2023, cun total de 17 doantes ao longo dese ano

O Hospital Álvaro Cunqueiro acolleu onte unha mesa informativa con motivo da celebración do Día Nacional do Doante de Órganos e Tecidos

Este ano obtívose e implantouse o primeiro corazón de doante en asistolia nun centro non transplantador de Galicia

**Vigo, 6 de xuño de 2024.** Entre xaneiro e maio de 2024, o Hospital Álvaro Cunqueiro xestionou órganos procedentes dun total de 10 doantes, dous máis que o mesmo período de 2023, o que supón un aumento dun 29% sobre as cifras de 2023 e que permitiron a obtención de 28 órganos (8 fígados, 16 riles, 2 corazóns e 2 pulmóns) e 17 tecidos (entre córneas, tecido vascular e tecido óseo). Estes datos son prometedores e, de seguir esta progresión, poden superar aos 17 doantes ao fin de 2023, que permitiron a obtención de 71 órganos e 45 tecidos.



Así mesmo neste 2024, o Hospital Álvaro Cunqueiro obtivo o primeiro corazón que se implanta de doante en asistolia nun centro non transplantador de Galicia, en colaboración coa Coordinación de Transplantes e o equipo de Cirurxía Cardíaca do Hospital Puerta de Hierro de Madrid.

Estes datos coinciden coa celebración no día de onte do *Día Nacional do Doante de Órganos e Tecidos*, acollendo o Hospital Álvaro Cunqueiro unha mesa informativa disposta pola Asociación de Doantes e Receptores de Órganos de Vigo (ADROVI), co fin de ofrecer información ao público e fomentar a doazón de órganos.



### **Menos negativas**

O responsable do equipo de Transplantes do Chuvi, o doutor Lucas Lage, cualificou estes datos como "esperanzadores" e salientou novamente: "o compromiso dos profesionais e equipos cirúrxicos do Chuvi e, sen dúbida, das e dos doantes e as súas familias, que permiten a realización destas intervencións e prolongar a vida de moitas persoas. Noso agradecemento infinito para eles".

Neste senso, o doutor Lage destaca que "No que vai de ano, reduciuse o número de negativas familiares á doazón, pasando de 5 entre xaneiro e maio de 2023, a tan só dúas no que vai de ano".

Cómpre recordar que en 2023, os 17 doantes permitiron a obtención de 116 órganos (6 corazóns, 11 fígados, 3 páncreas, 20 pulmóns, 30 riles e 1 intestino) e 45 tecidos. A idade media dos e das doantes foi de 52 anos.